

d) O Thatcherismo

A vencedora da mesma, e das eleccións posteriores (1979-83), será unha muller, Margaret Thatcher, que marcará a partir de entón a política inglesa e que, pola súa firmeza e tenacidade en levar adiante o seu programa e as súas ideas, recibiu o alcume de “dona de ferro”.

Ademais de amosar un talante bastante autoritario, os resultados da súa xestión van dar lugar a notables discusións: no seu haber apúntase a redución da inflación, do déficit orzamentario, unha positiva balanza de pagos, a diminución das taxas de fiscalidade sobre os soldos altos e o mantemento da libra como moeda forte; críticaselle, por outra banda, o aumento do paro, a ineficacia das privatizacións de empresas públicas, o estancamento do nivel de vida, os conflitos con concellos pola diminución dos seus presupostos, o tratamento ó problema do Ulster, a subordinación á política internacional dos EE.UU. e o enfrontamento duro e aberto cos sindicatos tentando de reducir o seu poder, o que provocará moitas tensións e espectaculares folgas, como a dos mineiros en 1984.

Unha gran parte da popularidade da líder conservadora ven dada por un marcado nacionalismo que chea de orgullo patriótico ós ingleses, e que se pon en práctica repetidamente nas súas relacións coa CEE ou en accións de forza como a defensa da súa soberanía sobre as illas Malvinas (guerra con Arxentina en 1982). O chamado “thatcherismo” é considerado por moitos autores como a versión europea do “reaganismo” americano.

O seu fracaso nas eleccións europeas de 1989, as dificultades económicas e o grande descontento provocado polas reformas do sistema de protección social, xunto á creación dun novo e moi impopular imposto, a poll-tax, provocará a reacción do seu propio partido que en 1990 forza a súa dimisión en favor do seu col-

borador John Major. Aínda que rectificará os aspectos máis controvertidos da política social thatcheriana e suprimirá a poll-tax, o seu sucesor manterá as grandes liñas da súa política económica, internacional e europea.